Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

A MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN APROBA A RPT 2025, A OEP 2024 E AS PARTIDAS ECONÓMICAS RELACIONADAS CO PERSOAL

## CCOO, CIG E UXT VOTAN A FAVOR DO ACORDO DE FINANCIAMENTO E DE DESESTIMAR AS ALEGACIONS, POSIBILITANDO QUE A CARREIRA PROFESIONAL SEXA REALIDADE ESTE ANO

CCOO SOLICITA, UNHA VEZ MÁIS, A IMPLANTACIÓN DO TELETRABALLO E QUE SE RECOÑEZAN AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS DENDE O MOMENTO DA SÚA OBTENCIÓN

No día de hoxe celebrouse reunión da Mesa Xeral de Negociación coa seguinte orde do día: 1. Aprobación da acta da reunión anterior. 2. Ratificación da proposta de desestimación das alegacións presentadas á aprobación inicial do Regulamento de carreira profesional horizontal da Deputación Provincial da Coruña. 3. Aprobación do acordo relativo á implantación e financiamento da carreira profesional horizontal da Deputación Provincial da Coruña. 4. Aprobación da Relación de postos de traballo (RPT), cadro de persoal e organigrama 2025. 5. Aprobación das partidas de acción social. 6. Aprobación da Oferta de emprego público (OEP) 2024. 7. Rogos e preguntas.

**A Mesa Xeral de Negociación aproba a RPT 2025, a OEP 2024 e as partidas económicas relacionadas co persoal.** O Goberno Provincial decidiu adiar as modificacións da RPT excepto a creación dunha praza para dar cumprimento a unha sentenza. En canto ás partidas económicas relacionadas co persoal cabe subliñar que xa se dota o desenvolvemento da Carreira Profesional Horizontal durante o ano 2025. O seguinte cadro reflicte a OEP correspondente ao ano 2025:

| CODIGO PLAZA | G | DENOMINACIÓN PLAZA | Cupo | Reserva persoas con discapacidad | | Pra-zas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | xeral | Intelectual | |
| 1.1.111.16 | C2 | Auxiliar educador | Promoción interna | | | 1 |
| 1.1.158.1 | A1 | Técnico de deportes | Libre | | | 1 |
| 1.1.13.16 | A1 | Técnico superior informática | Libre | | | 1 |
| 1.1.48.17 | A2 | Axudante arquivo e biblioteca | Libre | | | 1 |
| 1.1.3.150 | C1 | Administrativo/a de A.X. | 1 Promoción interna<br>2 Libre | | | 1 |
| 1.1.3.61 | C1 | Administrativo/a A.X. | | | | 1 |
| 1.1.3.270 | C1 | Administrativo/a A.X. | | | | 1 |
| 1.1.3.173 | C1 | Administrativo/a A.X. | | | | 1 |
| 1.1.2.74 | A2 | Técnico de xestión de A.X. | 2 Promoción interna<br>1 Libre | | | 1 |
| 1.1.2.98 | A2 | Técnico de xestión de A.X. | | | | 1 |
| 1.1.2.99 | A2 | Técnico de xestión de A.X. | | | | 1 |
| 1.1.106.12 | B | Titor/a | Libre | | | 1 |
| 1.1.106.7 | B | Titor/a | Libre | | | 1 |
| 1.1.46.4 | A2 | Técnico de servizos sociais | Libre | | | 1 |
| 1.1.46.3 | A2 | Técnico de servizos sociais | Libre | | | 1 |
| 1.1.5.28 | AP | Subalterno/a | Libre | | 1 | 1 |

**CCOO, CIG e UXT votan a favor do acordo de financiamento e de desestimar as alegacións, posibilitando que a carreira profesional sexa realidade este ano.** Cabe subliñar que aínda que a Corporación demandaba unanimidade para a aprobación da Carreira Profesional Horizontal esta non foi posible. En todo caso dispón do apoio dunha ampla maioría social.

**CCOO solicita, unha vez máis, a implantación do teletraballo e que se recoñezan as prestacións económicas polos servizos prestados dende o momento da súa obtención** tal e como establece o acordo da Comisión Superior de Persoal do Ministerio e non dende o momento da súa solicitude que é como acontece na actualidade. Esta solicitude presentouse no punto de rogos e preguntas, ao igual que se insistiu en que a Deputación debería equiparse as administracións que teñen implantado teletraballo.